



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría  
Rúa Maestranza, s/n  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 9 de xullo de 2018 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Microbioloxía, a María Ángeles Cid Blanco.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 4 de abril de 2018 (BOE do 19 de abril de 2018), para a provisión da praza número 18/003 de Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Microbioloxía, departamento de Bioloxía desta universidade, a favor de María Ángeles Cid Blanco, con DNI núm. 32766713Q, e unha vez que o interesado acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María Ángeles Cid Blanco, Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Microbioloxía, departamento de Bioloxía desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 9 de xullo de 2018

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	unZzyPlZRdm5Jb1B0wy4gw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	09/07/2018 16:16:03
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/unZzyPlZRdm5Jb1B0wy4gw==">https://sede.udc.gal/services/validation/unZzyPlZRdm5Jb1B0wy4gw==</a>		

